

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE  
CURSO: 2º DE E.P.  
MATERIA: VALORES ÉTICOS E MORAIS  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 07 – 05 - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	1. Amona unha actitude de aceptacións e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. - CSC
2. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben	2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola. - CSC
3. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención do ser humano provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	3. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.- CSC, SIEE
4. <b>Identificar</b> o tema e sentido xeral en textos, tanto impresos como dixitais, moi breves e sinxelos	4. <b>Emprega</b> as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para comprender mensaxes – CD, AA
5. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. Respectar aos seres vivos.	5. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.CSC
6. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	6. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. - AA
7. Relacionar hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico regulado e descanso diario coa saúde e coa enfermidade.	7. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde. – CSC, AA,

8.	
----	--

Os códigos que identifican as competencias básicas do alumnado, e aparecen xunto aos estándares de aprendizaxe, son os seguintes:

- CCL = Competencia en comunicación lingüística.
- CM = Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- CD = Competencia dixital.
- AA = Aprender a aprender.
- CSC = Competencias sociais e cívicas.
- SIEE = Senso de iniciativa e espírito emprendedor.
- CEC = Conciencia e expresión culturais.

.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos para o terceiro trimestre:</b></p> <p>A avaliación pasa a ser tida en conta só en <b>producións individuais</b> (elimínanse as tarefas en parella ou grupo, con carácter avaliable, dada a dificultade que podan ter os alumnos/as) , aínda que tentando de axustarse o máis posible á Avaliación proposta na Programación Anual da Área, a principio de curso.</p> <p>Faráse a <b>observación e o seguimento sistemático do alumnado coas imaxes e envíos de materiais aportados polas familias. Todo isto, por medio dun ficheiro individual e nominal de cada alumno/a.</b></p> <p>Crearás tamén un <b>registro anecdótico persoal</b> onde se recollerán aspectos destacados e puntuais do proceso e todo o relativo á comunicación e relación coas familias. Valorarás especialmente a participación e esforzo do alumnado por seguir o seu proceso de aprendizaxe.</p> <p>Por outra banda, avaliarás tamén a propia práctica docente e o desenvolvemento e adecuación das programacións</p> <p>Considerarás todas as <b>producións enviadas ao correo electrónico</b> da mestra, así como as enviadas ás súas titoras.</p> <p>Avaliarás, asimesmo, a <b>actitude</b> de aprendizaxe, e a <b>auto-avaliación.</b></p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-- Observación sistemática do traballo de cada alumno/a, por medio do envío dos materiais semanais para corregir.</li> <li>– Seguimento do traballo realizado: fichas, búsqueda de materiais, actividades plásticas,.... <ul style="list-style-type: none"> <li>– Comprobación da súa participación nas actividades, por medio dos envíos..</li> <li>– Diálogos directos cos alumnos/as, no caso da posibilidade de videoconferencias por medio de Webex..</li> <li>– Recollida de datos no control de rexistro individualizado.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>En coordinación coas titoras destes grupos, baseándonos nas instrucións proporcionadas pola Consellería de Educación en relación ao desenvolvemento do terceiro trimestre, e tomando como referencia o establecido na programación didáctica deseñada a comezo do curso actual, con carácter xeral, a cualificación final será a <b>media entre as cualificacións obtidas na primeira e a segunda</b></p>

**avaliación non** podendo ser, en ningún caso, **inferior a esta**.

Naqueles casos de alumnos ou alumnas que ao longo do terceiro trimestre e, cos medios establecidos para dito fin, demostrasen un rendemento académico notable **poderá incrementarse** a cualificación final.

3.	<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>
<b>Actividades</b>	<p>1 - Fichas de colorear, ou encher ocós sinxelos, con aportacións críticas do alumnado sobre os temas tratados.</p> <p><b>NOTA:</b>O temario escollido para tratar nas clases de Educación en Valores tiña relación, acordado e coordinado coas titoras, coas unidades didácticas que se trataban en Coñecemento do medio Natural e Social. Coa situación de cambio tan especial e radical do alumnado, tamén sofren cambios ditas temáticas, tentando que os grupos aproveiten o mellor posible a relación coas familias e os amigos na distancia, para reflexionar sobre diferentes aspectos da súa vida cotiá.</p> <p>É por iso que os <b>temas</b> a tratar serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A autoestima</li> <li>- O sentimento de grupo e o compañerismo.</li> <li>- O positivismo.</li> <li>- A colaboración en casa.</li> <li>- O Día Mundial da reciclaxe (17 de maio) e repaso de contidos do trimestre anterior.</li> <li>- As tarefas da casa e a corresponsabilidade.</li> <li>- O tempo de lecer.</li> <li>- O cuidado das mascotas (repaso de contidos do primeiro trimestre)</li> <li>- O verán e as vacacións. O cuidado do medio ambiente. (repaso do trimestre anterior)</li> </ul> <p>2 – escoita e visualización de cortos, historias e cancións por medio de enlaces a páxinas web, para a auto-reflexión e o desenrolo do seu espírito crítico.</p> <p>3 – Traballos manuais e de creatividade, que permitan ao alumnado disfrutar e relaxarse nas súas casas, nesta situación tan especial que están a vivir.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><b>A aprendizaxe a nivel de competencias</b> persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, polo que ese será o obxectivo de calquera tipo de actividade levada a cabo por canles diferentes aos da aula presencial.</p> <p>Teráse sempre en conta o <b>diferente ritmo</b> de aprendizaxe de cada alumno/a, así como as posibles faltas de conexión de rede que se podan dar, sempre que xa se coñeceu que todo o alumnado ten conexión a Internet, cando menos, por</p>

	<p>medio dun teléfono móbil da familia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contextualizaránse as actividades e <b>daránse significados</b> comprensibles para o alumno/a, tentando de relacionar a situación de traballo desde a casa cos contidos expostos nas actividades, sempre que sexa posible.</li> <li>- Considerarásese o <b>progreso</b>, pero tamén o <b>erro</b> como algo natural no proceso de aprendizaxe, e moi especialmente nesta situación.</li> <li>- O seguimento das actividades, é posible desde o móbil, polo que non é preciso o traballo desde o ordenador nin a impresora.</li> <li>- -cando as tarefas non sexan de escoita ou visualización, daráselle ao alumnado sempre a posibilidade de facer calquera actividade manual en follas, cartolina, ou de xeito plástico.</li> <li>- Para a observación do traballo en tempo real e a consulta de dúbidas, é posible a utilización de ferramentas de videoconferencia, sendo de uso prioritario a facilitada pola Consellería de Educación, CISCO Webex</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Páxinas web de visualización de calquera tipo de cortos ou vídeos relacionados co tema dado.</li> <li>- Fichas sinxelas de comprensión lectora.</li> <li>- Cancións e vídeos na plataforma Youtube</li> <li>- Materiais de expresión plástica e artística</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>		
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>O envío de materiais faráselle ás titoras semanalmente, para que elas decidan dónde publicitalo, ou adxuntalo a un ou outro contido para o alumnado.</p> <p>A recepción dos materiais, así como a corrección dos posibles erros do alumnado, será por medio do meu correo electrónico.</p> <p>As notificacións de algún caso específico que valorar, que requira urxencia, ou sexa de especial interese, poderán facerse por medio de Whatsap, mensaxe ou videoconferencia, neste caso coas titoras.</p>	
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro publicaránse estas modificacións á	
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 7 DE 9	CENTRO: CURSO: MATERIA:



	Programación, logo de seren enviadas ao Equipo Directivo do centro.
--	---------------------------------------------------------------------

**Asinado: María Belén Vizoso García. Maio 2020**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 8 DE 9	CENTRO: CURSO: MATERIA:
----------------------------------------------------------	---------------	-------------------------------